



A Sociedade da Información e os/as autónomos/as de Galicia

Edición 2024



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



Edita: Xunta de Galicia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2025



Este documento distribúese baixo licencia Creative Commons Atribución. Compartir baixo a licencia 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)

Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>



Índice de Contidos

1.	Introdución	Páx. 4
2.	Metodoloxía	Páx. 6
3.	Caracterización dos/as autónomos/as galegos/as	Páx. 8
4.	O uso das TIC e comercio electrónico dos/das autónomos/as	Páx. 12
	4.1. Equipamento e conectividade	Páx. 13
	4.2. Talento Dixital: especialistas e perfís TIC	Páx. 17
	4.3. Dixitalización da organización e xestión das entidades	Páx. 21
	4.4. Tecnoloxías disruptivas	Páx. 30
	4.5. Seguridade TIC	Páx. 35
5.	Conclusións	Páx. 37



1. Introducción

1. Introducción

Estudo elaborado polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

O informe analiza comparativamente o uso e avance das tecnoloxías por parte dos autónomos/as galegos/as respecto do resto de formas societarias e do conxunto das microempresas. Os obxectivos do informe son os seguintes:



AVALIAR

Avaliar e servir de elemento para a definición de iniciativas e actuacións focalizadas nos autónomos/as galegos/as respecto ao seu nivel de dixitalización



CARACTERIZAR

Caracterización dos autónomos/as galegos: actividade, provincia onde desenvolven a súa actividade, sexo do traballador/a...



ANALIZAR

Analizar información cuantitativa dos autónomos/as galegos relacionada coas TIC:

- Contratación a Internet
- Optimización da xestión empresarial a través das TIC
- Ciberseguridade
- Web e presenza nas redes sociais
- Comercio electrónico
- Tecnoloxías disruptivas





2. Metodología

2. Metodoloxía



Maior eficiencia e coordinación da actividade estatística

A fonte de información empregada é o Ministerio de Emprego e Seguridade Social. Son datos estatísticos referidos ao ano 2024.

A información relativa ao **equipamento e uso das tecnoloxías** procede da Enquisa sobre uso das TIC e o comercio electrónico nas empresas do Instituto Nacional de Estatística (INE) facilitada a través do Instituto Galego de Estatística (IGE) en virtude do marco do convenio de colaboración asinado entre a AMTEGA e o IGE. A enquisa foi realizada en 2024 polo INE seguindo unha metodoloxía harmonizada cos organismos estatísticos oficiais da Unión Europea.



Datos complementarios aos publicados polo INE

O convenio de colaboración entre a AMTEGA, o IGE e o INE tamén permite obter unha ampliación dos datos publicados polo INE, especialmente no que se refire a:

- Máis indicadores relativos ás microempresas galegas
- Comercio Electrónico nas empresas galegas
- Datos de empresas con sede fóra de Galicia pero que desenvolven parte da súa actividade na Comunidade galega



3. Caracterización dos/as autónomos/as galegos/as


3. CARACTERIZACIÓN DOS AUTÓNOMOS/AS GALEGOS/AS

O Ministerio de Empleo e Seguridade Social indica que no ano 2024 hai rexistradas 127.639 persoas como traballadores/as autónomos/as, como persoas físicas en Galicia, que representan o 6,3% do total de autónomos/as de España.


A estatística **exclúe** aos que están integrados en sociedades mercantís, cooperativas ou noutras entidades societarias, colaboradores familiares ou parte dalgún colectivo especial de traballadores/as.



A cifra de traballadores/as autónomos/as en Galicia descende no último ano, con menor intensidade que a tendencia xeral dos últimos anos.



Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social. Afiliados a 31 de Decembro do 2024



Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social. Afiliados a 31 de Decembro do 2024

O 41,3% dos autónomos de Galicia están na provincia de A Coruña e o 32,7% na de Pontevedra




3. CARACTERIZACIÓN DOS AUTÓNOMOS/AS GALEGOS/AS

A distribución por xénero dos/as traballadores/as autónomos/as é sensiblemente diferente en Galicia respecto ao nivel estatal, cunha presenza moito maior da muller en Galicia. A fenda entre autónomos e autónomas en Galicia é de 18,4 puntos porcentuais mentres que a nivel estatal é de case 8 puntos máis (26,2 puntos).


Respecto á idade, tanto en Galicia como no total de España, a porcentaxe máis elevada de autónomos/as concéntrase no tramo de 46 a 55 anos, superando o 33% no caso galego. En xeral, en todas as categorías de máis idade os/as autónomos en Galicia teñen un peso porcentual maior que en España.

AUTÓNOMOS/AS SEGUNDO SEXO
COMPARATIVA GALICIA-ESPAÑA



Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social. Afiliados a 31 de Decembro do 2024

AUTÓNOMOS/AS SEGUNDO IDADE
COMPARATIVA GALICIA-ESPAÑA



Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social. Afiliados a 31 de Decembro do 2024




3. CARACTERIZACIÓN DOS AUTÓNOMOS/AS GALEGOS/AS

No 2024, o sector servizos volve a ocupar sobradamente o primeiro posto en proporción de traballadores/as autónomos/as tanto en Galicia como en España.

Na Comunidade Galega, o peso e estrutura do sector agrícola ponse de manifesto cun 14,6% de traballadores/as autónomos/as, que son 6,8 puntos máis que o promedio do Estado.

AUTÓNOMOS/AS SEGUNDO SECTOR DE ACTIVIDADE
COMPARATIVA GALICIA-ESPAÑA



Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social. Afiliados a 31 de Decembro do 2024




4. O uso das TIC e Comercio Electrónico dos/das autónomos/as

4.1. EQUIPAMENTO E CONECTIVIDADE


4.1.1. EQUIPAMENTO

Máis do 82% dos/as autónomos/as galegos dispoñen de ordenador para uso profesional.

Durante o ano 2024 baixa a dispoñibilidade de ordenadores entre autónomos en Galicia, mentres sobe o seu uso nas microempresas que están establecidas xuridicamente como "sociedades".



**ENTIDADES QUE DISPOÑEN DE ORDENADOR
SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA**
Evolución GALICIA 2020-2024




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

4.1. EQUIPAMENTO E CONECTIVIDADE

4.1.1. EQUIPAMENTO

PERSOAL QUE USA ORDENADORES CONECTADOS A INTERNET PARA FINS EMPRESARIAIS

Evolución GALICIA 2020-2024
Base: % sobre o total do persoal




O uso dos ordenadores con conexión a internet para fins empresariais entre os/as autónomos/as galegos/as queda no 75% en 2024. É un valor superior ao do persoal xeral das microempresas (70,2%).

O 74,5% dos autónomos/as teñen un dispositivo portátil que permite a conexión móbil a Internet para uso empresarial, un dato que queda no 62,2% para o persoal do total de microempresas.

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

PERSOAL AO QUE SE LLE PROPORCIONA UN DISPOSITIVO PORTÁTIL QUE PERMITE A CONEXIÓN MÓBIL A INTERNET PARA USO EMPRESARIAL

Base: % sobre o total de persoal



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE




4.1. EQUIPAMENTO E CONECTIVIDADE

4.1.2. CONECTIVIDADE



CONEXIÓN A INTERNET SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA
Evolución GALICIA 2020-2024
Base: % sobre o total empresas



A contratación de Internet acada o 80,8% entre os autónomos/as galegos/as no 2024, co que descende respecto ao ano anterior.

Dende o ano 2020, o crecemento da contratación de Internet entre os/as autónomos/as foi dun 12,8% en Galicia.

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE


4.1. EQUIPAMENTO E CONECTIVIDADE

4.1.2. CONECTIVIDADE

TIPO DE CONEXIÓN A INTERNET SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

*Base: empresas con conexión a Internet

** Base: empresas con Banda larga fixa



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE


O 79,8% dos autónomos/as con conexión fixa a internet dispón de redes de cable e fibra óptica.

O 70,3% dos autónomos/as con conexión fixa a internet conta cunha velocidade de conexión a Internet superior aos 100 Mbps.



VELOCIDADE DE CONEXIÓN A INTERNET SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: empresas con conexión a Internet e banda larga fixa




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

4.2. TALENTO DIXITAL: ESPECIALISTAS E PERFÍS TIC

EMPREGAN ESPECIALISTAS TIC SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: % sobre o total empresas



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE




No 2024, o 0,3% dos/as autónomos/as de Galicia empregaban especialistas TIC, fronte ao 2,2% nas microempresas que son sociedades xurídicas. A media do total de microempresas é o 1%.

Os únicos especialistas TIC máis contratados polos autónomos/as son da categoría "outros especialistas" (0,3%).

TIPOLOXÍA DE ESPECIALISTAS TIC QUE EMPREGAN SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA


Base: % sobre o total empresas



4.2. TALENTO DIXITAL: ESPECIALISTAS E PERFÍS TIC

% DO PERSOAL ESPECIALISTAS TIC SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA


Base: % sobre o total empresas



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

CONTRATARON OU INTENTARON CONTRATAR ESPECIALISTAS EN TIC SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA


Base: % sobre o total empresas



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

PERFIL DE ESPECIALISTAS TIC (TIPOLOXÍA) SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: % sobre el total persoal especialistas TIC



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE


O 0,2% do persoal contratado son especialistas TIC, pero a intención de contratar aumenta. O 1,9% dos autónomos/as galegos contrataron ou tentaron contratar especialistas TIC no 2024.

No 2024, os *outros especialistas TIC* son o perfil que máis abunda entre os/as autónomos/as de Galicia.

4.2. TALENTO DIXITAL: ESPECIALISTAS E PERFÍS TIC


MULLERES ESPECIALISTAS TIC SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: % sobre el total persoal especialistas TIC




Na enquisa de 2024, do total de empregados/as especialistas TIC aumenta a proporción de mulleres no total de microempresas (do 15 ao 27,3%) e nas microempresas que están baixo a forma xurídica de sociedades (do 9,6 ao 30,7%).

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE




4.2. TALENTO DIXITAL: ESPECIALISTAS E PERFÍS TIC



ENTIDADES QUE PROPORCIONARON ACTIVIDADES FORMATIVAS TIC SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: % sobre o total empresas




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

O 1,5% dos/as autónomos/as de Galicia proporcionaron actividades formativas TIC a seus empregado/as, case o dobre que o ano anterior.

Esta formación TIC dirixiuse ao persoal *non especialista TIC*.

PERSOAL AO QUE PROPORCIONARON ACTIVIDADES FORMATIVAS TIC SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: % sobre o total empresas que proporcionaron actividades formativas




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

4.3. DIXITALIZACIÓN DA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DAS ENTIDADES

4.3.1. SERVIZOS WEB

DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB SEGUNDO CONDICIÓX JURÍDICA
Evolución GALICIA 2020-2024



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

No ano 2024, a dispoñibilidade de páxina web entre os autónomos/as de Galicia é do 21,1%, cun forte incremento sobre o ano anterior, igual que no resto de microempresas.



4.3. DIXITALIZACIÓN DA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DAS ENTIDADES


4.3.1. SERVIZOS WEB

Os tres servizos con maior presenza nas web das persoas autónomas galegas no 2024 son a descrición de bens ou servizos (85,8%), contidos en dous idiomas (28,8%) e recepción de pedidos ou servizos on line (17,9%).



SERVIZOS DISPOÑIBLES NA PÁXINA WEB SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: Empresas con conexión a Internet e Páxina Web




4.3. DIXITALIZACIÓN DA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DAS ENTIDADES

4.3.2. TELETRABALLO

O TELETRABALLO SEGUNDO CONDICI3N XUR3DICA


Base: % sobre o total empresas




Fonte: Elaboraci3n do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

EMPREGADOS QUE TELETRABALLAN REGULARMENTE SEGUNDO CONDICI3N XUR3DICA

Base: % sobre o total empresas que permitiron o teletraballo aos seus empregados/as



Fonte: Elaboracion do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE



No 2024, o 11,3% dos/as aut3nomos/as galegos/as permitiron a realizaci3n do teletraballo aos seus empregados/as, volvendo a crecer tras varios anos baixando.

Cando os aut3nomos/as o permiten, o 10% do persoal fai regularmente teletraballo, unha media de 3,6 d3as por semana.

N3MERO DE D3AS EN T3RMINO MEDIO POR SEMANA NO QUE OS EMPREGADOS/AS TELETRABALLAN SEGUNDO CONDICI3N XUR3DICA

Base: % sobre o total empresas que permitiron o teletraballo a

	Aut3nomos	Sociedades	Total Microempresas
Media de d3as por semana	3,6	2,1	2,9

Fonte: Elaboraci3n do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

4.3. DIXITALIZACIÓN DA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DAS ENTIDADES

4.3.3. REDES SOCIAIS


O 30,5% dos/as autónomos/as galegos/as con conexión a Internet emprega medios sociais, valor moi próximo ás microempresas en xeral.

Dos que usan medios sociais (blogs, plataformas multimedia, redes sociais...) o 88,8% opta por redes sociais tales como Facebook, LinkedIn ...

MEDIOS SOCIAIS SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Evolución GALICIA 2020-2024


Base: Empresas con conexión a Internet



REDES SOCIAIS (Facebook, LinkedIn, etc.) SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Evolución GALICIA 2020-2024

Base: Empresas con conexión a Internet que empregan medios sociais



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE




4.3. DIXITALIZACIÓN DA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DAS ENTIDADES

4.3.3. REDES SOCIAIS

EMPREGO DOUTROS MEDIOS SOCIAIS SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA


Base: Empresas con conexión a Internet que empregan medios sociais



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

Outros medios sociais, como os websites onde se comparten contidos multimedia, son empregadas polo 61,3% dos/as autónomos/as galegos/as que usan medios sociais.

No 2024 o uso dos Blogs de empresas ou microblogs entre os autónomos/as foi do 15,5%.




4.3. DIXITALIZACIÓN DA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DAS ENTIDADES

4.3.4. ANALÍTICA DE DATOS

EMPRESAS QUE REALIZAN ANALÍTICA DE DATOS POR PARTE DOS SEUS PROPIOS EMPREGADOS SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA. 2023-24


Base: Empresas con conexión a internet



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

EMPRESAS QUE REALIZAN ANALÍTICA DE DATOS POR PARTE DE TERCEIROS SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA. 2023-24

Base: Empresas con conexión a internet



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE



Realizan analítica de datos por parte dos seus propios empregados, o 4,3% dos autónomos/as, e realízanlla terceiros no 5,1% dos casos.


Pode verse que a tendencia no último ano foi o aumento de facer analítica con empregados propios, mentres permanece practicamente estable cando os autónomos/as recorren a terceiros.

4.3. DIXITALIZACIÓN DA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DAS ENTIDADES

4.3.4. ANALÍTICA DE DATOS

TIPOLOXÍA DE DATOS DOS QUE REALIZAN ANALÍTICA CONDICIÓN XURÍDICA

Base: Empresas que realizan analítica de datos por parte dos seus propios empregados



Cando a analítica de datos é realizada polos propios empregados, a clase de datos nas que fan habitualmente analítica os autónomos tratan sobre clientes (69,6%), rexistros de transaccións (65,9%) e datos sobre redes sociais (47,9%).




4.3. DIXITALIZACIÓN DA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DAS ENTIDADES

4.3.5. PUBLICIDADE DIRIXIDA

EMPRESAS QUE PAGAN POR ANUNCIARSE EN INTERNET SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA


Base: Empresas con conexión a internet



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

EMPRESAS QUE PAGAN POR ANUNCIARSE EN INTERNET USANDO MÉTODOS DE PUBLICIDADE DIRIXIDA SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: Empresas que pagan por anunciarse en internet



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE




Durante o ano 2024, o 9,1% dos autónomos/as de Galicia pagaron por anunciarse en Internet, e o 6,1% usou métodos de publicidade dirixida.

Deses métodos de publicidade dirixida que pagou o 6,1%, os máis usados foron os baseados en contidos de palabras craves utilizadas polos usuarios.

MÉTODOS DE PUBLICIDADE DIRIXIDA SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: Empresas que pagan por anunciarse en internet



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

4.3. DIXITALIZACIÓN DA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DAS ENTIDADES

4.3.6. COMERCIO ELECTRÓNICO


No 2024, o 12,3% dos autónomos/as galegos/as venderon a través da Rede.

É un incremento significativo, de case catro puntos, dende 2023 e máis do dobre que en 2020.

VENDAS POR COMERCIO ELECTRÓNICO SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Evolución GALICIA 2020-2024

Base: % sobre o total empresas



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE



4.4. TECNOLOXÍAS DISRUPTIVAS

4.4.1. INTELIXENCIA ARTIFICIAL

EMPRESAS EMPREGAN INTELIXENCIA ARTIFICIAL SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: % sobre o total de empresas con conexión a internet



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE


O 3,7% dos/as autónomos/as galegos/as empregan intelixencia artificial no 2024, ascendendo máis dun punto no último ano.



Entre as solucións de IA empregadas polos autónomos/as destacan as solucións de IA que converten a linguaxe falada en formato lexible por unha máquina (58%), de análise da linguaxe escrita (55%), e as IA que xeran linguaxe escrita ou falada (42%).

SOLUCIÓNS DE IA SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: Empresas que utilizan tecnoloxías de Intelixencia Artificial




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

4.4. TECNOLOXÍAS DISRUPTIVAS

4.4.1. INTELIXENCIA ARTIFICIAL

USOS DA IA SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: Empresas que utilizan tecnoloxías de Intelixencia Artificial




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE



TIPOLOXÍA DE PAQUETES DE IA SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: Empresas que utilizan tecnoloxías de Intelixencia Artificial



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

As solucións de IA de Seguridade das TIC e as de Xestión contable e financeira (19,7%) son as máis empregadas polos autónomos que utilizan este tipo de tecnoloxía no 2024.


A forma de uso máis habitual da IA (47,6%) é que os autónomos empreguen solucións de IA que compraron en paquetes comerciais listos para usar.

4.4. TECNOLOXÍAS DISRUPTIVAS


4.4.1. INTELIXENCIA ARTIFICIAL

EMPRESAS QUE CONSIDERARON ADQUIRIR ALGUNHA TECNOLOXÍA DE INTELIXENCIA ARTIFICIAL SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: % sobre o total empresas



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE




Só un 2,6% dos autónomos/as galegos que non usaron IA consideraron adquirir algunha tecnoloxía de Intelixencia Artificial no 2024.

Os principais motivos de non utilizar solucións de Intelixencia Artificial son a falta de coñecemento (87,1%), custos demasiado altos (51,5%) ou pouca claridade sobre consecuencias legais (41,9%).

EMPRESAS QUE NON USAN IA: MOTIVOS PARA NON UTILIZAR IA SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: % sobre o total empresas



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

4.4. TECNOLOXÍAS DISRUPTIVAS

4.4.2. CLOUD COMPUTING


O nivel de utilización dos servizos de Cloud Computing, permanece estable o seu uso en 2024 entre os autónomos/as, que é do 5% en 2024.



COMPRARON SERVICIOS DE CLOUD COMPUTING SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Evolución GALICIA 2020-2024

Base: Empresas con conexión a Internet




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE
No hai datos para o ano 2022 debido a cambios no cuestionario

4.4. TECNOLOXÍAS DISRUPTIVAS

4.4.2. CLOUD COMPUTING

COMPRA DAS SOLUCIÓN DE CLOUD COMPUTING SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: Empresas que usan Cloud Computing



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE


As solucións de Cloud Computing máis destacadas entre os/as autónomos/as son: almacenamento de ficheiros (93,6%), e-mail (81,3%) e servidor de bases de datos da empresa (65,6%).

4.5. SEGURIDADE TIC

4.5.1. MEDIDAS DE SEGURIDADE TIC

EMPRESAS QUE UTILIZAN ALGUNHA MEDIDA DE SEGURIDADE TIC

Base: % sobre o total de empresas



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE
No hai datos para o ano 2023




Non aumenta a concienciación e o uso das medidas de seguridade tic, que se mantén por debaixo do 50% de autónomos/as.

Dos que usa esas medidas de seguridade, as ferramentas máis frecuentes son a contrasinal forte (82,9%) e copias de seguridade en localización separada (67,5%)

MEDIDAS DE SEGURIDADE TIC UTILIZADAS

Base: % sobre o total de empresas que utilizan algunha medida de seguridade TIC



4.5. SEGURIDADE TIC

4.5.1. MEDIDAS DE SEGURIDAD TIC

EMPRESAS QUE SUFRIRON INCIDENTES DE SEGURIDADE TIC

Evolución GALICIA 2022-2024

Base: Empresas con conexión a Internet




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE
No hai datos para o ano 2021 e 2023 debido a cambios no cuestionario

O 4,5% dos autónomos declaran que tiveron no último ano incidentes de seguridade TIC.

A clase de incidente máis habitual é a causada por fallos de software ou hardware; provocando falta de servizos TIC (85,8%) ou a destrución ou corrupción de datos (28,6%)

CLASES DE INCIDENTES DE SEGURIDADE TIC

Base: Empresas con conexión a Internet



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE



5. CONCLUSIONES

5. CONCLUSIÓN

CARACTERÍSTICAS DO/AS AUTÓNOMO/A GALEGO



No ano 2024 hai en Galicia 127.639 autónomos/as, que seguen a descender lixeiramente e representan o 6,3% do total dos/as autónomos/as de España.

A distribución por xénero é sensiblemente diferente en Galicia e a nivel estatal, cunha presenza relativamente maior da muller no colectivo galego. A fenda entre autónomos e autónomas en Galicia é de 18,4 puntos porcentuais mentres que a nivel estatal é de case 8 puntos máis (26,2 puntos).



FORTALEZAS

Máis do 80% de autónomos contan con conexión fixa a internet, destes o 79,8% dispón de redes de cable e fibra óptica e o 70,3% conta cunha velocidade de conexión a Internet superior aos 100 Mbps.

No 2024, o 21,1% dos autónomos contan con páxina web e o 12,3% venderon a través da Rede.

Crece o uso da analítica de datos e da intelixencia artificial entre autónomos galegos.



DEBILIDADES

Obsérvase un uso moi limitado de medidas de seguridade TIC, que non chegan nin ao 50% dos autónomos/as. Con todos, os incidentes de seguridade TIC só afectaron ao 4,5% e ademais case sempre son provocados por erros de software ou hardware, non por ataques externos.

Pese ao ascenso no último ano, só o 3,7% de autónomos usan intelixencia artificial, o 4,3%, analítica de datos e o 5% cloud computing.



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



OBSERVATORIO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA